


REPENSAR A TEOLOXÍA, RECUPERAR O CRISTIANISMO

HOMENAXE
A ANDRÉS TORRES QUEIRUGA



Edición

XOSÉ MANUEL CAAMAÑO · PEDRO CASTELAO

Fundación
Isla Couto



Biblioteca Fundación Isla Couto

© Editorial Galaxia, 2012

Avda. de Madrid, 44, baixo, 36204 - Vigo

www.editorialgalaxia.com

© Fundación Isla Couto, 2012

Deseño de cuberta e maqueta

Hayat Husein

ISBN

Editorial Galaxia: 978-84-9865-422-6

Fundación Isla Couto: 978- 84- 615-9048-3

Depósito Legal

VG-136-2012

Imprime

Publidisa, S. A.

Gardado na memoria da tea

María Xosé Agra Romero

Tecín soia a miña tea/sembrei soia o meu nabal

[...]

*Mentras cerraba a noite silenciosa
os seus loitos tristísimos
en torno da estranxeira na súa patria,
que sin lar nin arrimo,
sentada na barnada contemprouba
cál brillaban os lumes fuxitivos.*

Rosalía de Castro, *Follas novas*

Pensar hoxe; reflexión situada; diálogo aberto, plural, paritario; mudanza de paradigma... son algunhas das palabras que dun xeito reiterado aparecen nos textos de Andrés Torres Queiruga, palabras que reflicten, recollen, a súa permanente preocupación por enfrontar un constante exercicio individual e colectivo de autocomprensión cristiá da universalidade. Esta merecida homenaxe, no seu setenta aniversario, reúne a un bo e selecto número de especialistas que analizan e salientan as súas importantes contribucións no terreo filosófico e teolóxico, dando conta do seu pensamento e perfil intelectual, desde a perspectiva do que fixo —e segue a facer—, da súa obra, do que deixa ‘marca’. Porén, estas páxinas sitúanse noutra perspectiva, a da palabra e a acción que deixan ‘pegada’, que se sitúan no rexistro da memoria, non no da historia¹. No rexistro, con outras palabras, do xesto, non das xestas, reparando na ‘singularidade da vida de alguén’.

Supoño que a faciana do seu compromiso cara á consecución dunha cultura de igualdade, do seu decisivo papel, non é de coñecemento de moitos e moitas, de aí que sexa preciso facer uns apuntamentos e contar, detérmonos na narración dun suceso e as súas consecuencias. Coñecido é o compromiso de Andrés Torres con pensar esa universalidade atendendo ao particular, non por acaso Galiza sexa un dos seus chanzos. Tamén é sabida a súa insistencia na necesidade de escoitar o rumor do tempo, de rachar tópicos e prexuízos, de atender á ampliación do mundo. Neste sentido non se arreda ante unha das cuestións que xulga máis

1. Segundo a lectura ao respecto que desenvolve Françoise Collin, “Historia y memoria o la marca y la huella” en: *Praxis de la diferencia. Liberación y libertad* (trad. Carmen Revilla), Icaria, Barcelona, 2006, 111-126.

candentes: a “situación eclesial da muller”. Sitúase na dirección axeitada e, ademais da valentía que supón aínda a día de hoxe falar de feminismo e de teoloxía feminista, chama a atención sobre “os obstáculos ao novo protagonismo das mulleres (com consciencia irreversível, confrontada con resistencias que parecen insuperábeis)”. Considera que neste, como noutros asuntos: “non existe un ‘favoritismo’ divino”. Quizais a súa querenza por Rosalía de Castro, pola poeta da “seriedade existencial”, poida dicirnos algo sobre os esforzos por vencer resistencias que mesmo semellan insuperables. Pero por máis que os procesos sexan lentos e atopen diversos e cotiáns atrancos, acreditando no avance da “xusta bandeira do feminismo” e na participación plena das mulleres na igrexa, non o son. Non obstante, non me demorarei na apertura ao feminismo, nin na súa lectura de Rosalía de Castro aproveitando que se está a conmemorar o 125 aniversario do seu pasamento. Son ben interesantes en por si e en conexión co seu pensamento filosófico e teolóxico, e xa fan parte da homenaxe. Como sinaléi antes, non elixín aquela perspectiva, a da súa obra producida, senón aquela outra que nos leva polo camiño do relato, do contar.

Aínda que tiñamos relación como compañeiros da Facultade de Filosofía, en departamentos distintos, e que cando xurdía a conversa case que sempre aparecía o feminismo e as teólogas feministas, será a partir da constitución, o 23 de xuño de 2003, da Sección de Filosofía e Pensamento do Consello da Cultura Galega (CCG) baixo a súa coordinación, da que eu formaba parte sendo a única muller², que as nosas circunstanciais conversas darán un xiro. Cómpre lembrar que Andrés Torres Queiruga foi membro do Plenario desta institución desde 1983 (cunha breve interrupción) ata 2008, polo tanto coñecía ben, como coñecido é o seu labor nela. Por iniciativa súa, a Sección de Filosofía e Pensamento botará a andar e varios son os proxectos que se propón levar adiante, algúns finalmente deron os seus froitos, velaí o *Dicionario-enciclopedia do pensamento galego* e o Simposio Internacional: Amor Ruibal Filólogo (recollido en publicación do CCG, 2009).

Desde os primeiros momentos da súa andadura, Torres Queiruga manifestou o seu interese por que se fixese algo para visibilizar as mulleres na cultura galega, porque se recoñecesen as súas contribucións, porque participasen máis nas súas institucións, por aumentar, xa que logo, a súa presenza, practicamente inexistente na altura, tamén no Plenario do CCG. Un dos primeiros pasos da Sección de Filosofía e Pensamento foi encamiñado nesta liña, pedíuseme que fixese unha proposta de traballo, tendo como referente o que se podía realizar en e desde o CCG. A proposta foi presentada e aceptada por todos os seus compoñentes na reunión da Sección en abril de 2004, e Torres Queiruga asumíuna con grande empeño. Moi sumariamente, do que se trataba era de iniciar un proxecto de recuperación da memoria das mulleres galegas, de facer accesible a información e de posibilitar o desenvolvemento de investigacións, ante as dificultades —tanto para a cidadanía en xeral, como para investigadores e investigadoras galegas ou de fóra, máis en particular— á hora de obter información e coñecer a participación e achegas das mulleres galegas e en Galiza. Dúas eran as liñas básicas de actuación: unha, localizar e recompilar a información e documentación que está xa nos arquivos e aquela da que poidan dispoñer as distintas seccións do CCG, incidindo na necesidade de que se preste atención a todo o relativo ás mulleres, co fin de non dispersar a

2. A Sección de Filosofía e Pensamento estaba formada por, ademais de Andrés Torres Queiruga como coordinador, Xosé Luís Barreiro Barreiro, Xosé Luís Barreiro Rivas, Xan López Facal, Manuel Rivas García, Antón Fernández Álvarez e mais eu.

información e mesmo para que non se invisibilice o que xa hai feito e se está a facer; dúas, elaborar unha base de datos que recolla un Repertorio Bio-bibliográfico de Mulleres Galegas e que chegue a estar dispoñible no portal *culturagalega.org*.

A partir da aceptación da proposta de traballo na Sección de Filosofía e Pensamento, co bo facer de Torres Queiruga, quen tiña moi clara a necesidade dunha comisión de traballo específica para este tema, a Comisión Executiva, e logo o Plenario do CCG, crea a Comisión Técnica de Xénero. Esta fai a súa presentación pública o día 24 de febreiro de 2005 e inicia a súa andaina como tal en abril dese mesmo ano, con mulleres das seccións e arquivos do CCG e algunhas outras que se incorporan desde fóra³. Non vén ao caso relatar aquí o que fixo a Comisión Técnica de Xénero, só indicar que o seu coordinador era Torres Queiruga e que en todo momento propiciou, asumiu e defendeu as súas propostas, deixándoa traballar nas dúas liñas mencionadas e estando sempre atento a que non houbera atrancos ou resistencias no seo da institución, xestionando o apoio con recursos materiais e humanos. Salientaría só que o 2 de decembro do mesmo ano 2005 ve a luz o *Álbum de mulleres*, un proxecto da Comisión Técnica de Xénero en colaboración co portal *culturagalega.org*. (www.culturagalega.org/album), a ventá pública da recuperación e difusión das contribucións de mulleres á cultura galega e universal. Trátase dun exercicio de memoria e recoñecemento, que tenta configurar-se como unha ferramenta de acceso a datos, documentación e información, tanto a nivel de referencia informativa básica como a niveis máis especializados.

Mais o conto non remata aquí, corren novos tempos e mesmo haberá unha Lei de Igualdade; o CCG tamén entra nun período de certas mudanzas. De resultas, en xuño de 2007, a Comisión Técnica de Xénero deixa de ser tal para constituírse como Comisión de Igualdade do CCG, unha comisión transversal, dependente da Presidencia do CCG, adquirindo entidade propia e liberando a Torres Queiruga (pois entendía que había de ser unha muller a que a coordinase). As mudanzas afectan así mesmo ao Plenario. Neste contexto, nun novo xesto de xenerosidade, deixa voluntariamente o seu posto no ano 2008, para permitir que nel poidan incorporarse mulleres.

Tanto a Comisión Técnica de Xénero, como logo a Comisión de Igualdade, manifestáronlle persoal e institucionalmente o seu agradecemento a Andrés Torres Queiruga. Con todo, non é suficiente, de aí este relato, no que falta sinalar o que xulgamos máis importante: o seus xenerosos xestos, a súa vontade e compromiso coa igualdade de mulleres e homes, fican gardados na memoria de mulleres galegas, sabedoras e agradecidas de que non tecen soas a súa tea, non sementan soas o seu nabal, de que non se han sentir máis exiliadas, estranxeiras na súa patria. E remato, máis unha vez, con Rosalía de Castro:

*Pero yo en el rincón más escondido
y también más hermoso de la tierra,
sin esperar a Ulises,
que el nuestro ha naufragado en la tormenta,
semejante a Penélope
tejo y destejo mi tela,*

3. Formaron parte desta Comisión Técnica de Xénero: Pilar Cagiao, María Luísa Sobrino, Ana Romaní, Carmen Pérez Pais, Encarna Otero, Carme Adán e Carme Vidal, ademais de min mesma.

*pensando que ésta es del destino humano
la incansable tarea,
y que ahora subiendo, ahora bajando,
unas veces con luz y otras ciegas,
cumplimos nuestros días y llegamos
más tarde o más temprano a la ribera.*

En las orillas del Sar

Andrés Torres Queiruga adoita referirse nas súas obras ao réxime do don e da gratuidade, nel inscribíense os seus xestos. As mulleres galegas non precisamos das xestas dun Ulises, velaí o emblemático poema de Xohana Torres “Eu tamén navegar”. Tecendo e destecendo a tea, as mulleres gardan na súa propia memoria e na memoria da tea da igualdade a quen, como subliña Hannah Arendt, “se manifesta a través da palabra e a acción” no ámbito público, a quen deixa a súa pegada. Pegadas, máis que ‘marcas’, son as que fan posible interromper aquela historia que tradicionalmente vén respondendo a unha imaxe do mundo no que as mulleres semella que nin formaban parte del nin nada achegaban á súa modificación. Gardado fica, entón, na memoria. Ninguén consegue nada só, por suposto as mulleres tampouco. Só resta a *gratitudo*.